

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DIA 6 DE MAIO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NUNEZ FEIJOO**

**ACORDOS**

**CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboracion entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Carral, para a execucion de obras en materia de urbanismo, por importe de trescentos noventa e tres mil trescentos corenta e catro euros con cincuenta e cinco centimos (393.344,55 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboracion entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a empresa publica de Obras e Servizos Hidraulicos e o Concello de Barro para a execucion da obra: "Mellora do contorno do río Barosa. Barro. Pontevedra", por importe de setecentos cincuenta e catro mil setecentos cincuenta e nove euros con noventa e tres centimos (754.759,93 €)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboracion entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Real Academia Galega, para a execucion da seguinte actuacion: "Remodelacion e adecuacion do soto do edificio da sede principal da Real Academia Galega", por importe de cento cincuenta e seis mil novecentos cincuenta e tres euros con oitenta e nove centimos (156.953,89 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboracion entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cerdedo, para a execucion de obras en materia de urbanismo por importe de 642.507,58 €

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**CONSELLERIA DE ECONOMIA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación da Consellería de Economía e Industria, en relación coas axudas convocadas nos anexos I e II da Orde da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso a formación especializada en xestión da innovación dentro da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (XIGA) e para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións as pemes galegas para a contratación de persoal da Rede de Xestores de Innovación de Galicia (XIGA), e se procede a súa convocatoria para o ano 2010, por importe de dous millóns setecentos sesenta mil seiscentos trece euros (2.760.613,00€)
- Acordo polo que se asina o convenio de colaboración entre o Ministerio de Vivenda, a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago para a realización e financiamento das obras e remodelación da Praza de Abastos de Santiago de Compostela

**CONSELLERIA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación de vacinas para o Programa Galego de Vacinacións
- Acordo polo que se autoriza a contratación e se aproban os pregos da concesión da obra pública para a redacción do proxecto de execución, financiamento, construción e explotación de determinados servizos non clínicos no novo hospital de Vigo

**CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en conta superior ao 10% do importe da subvención no momento da súa concesión, de conformidade co disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuno, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras e se procede a convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo para o exercicio de 2010

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar a establecer pagamentos anticipados en conta superior ao 10% do importe da subvención no momento da súa concesión, de conformidade co disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuno, de subvencións de Galicia, na orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, e se procede a súa convocatoria para o ano 2010

**INFORMES****CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o programa de actividades da Xunta de Galicia na Exposición Universal de Shanghai 2010

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Informe da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos a contratación

INFORMACION AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE INVESTIRA CASE 400.000 EUROS NA URBANIZACION DO CAMPO DA FEIRA DE CARRAL**

- *As obras consistiran en adecuar 1.526 metros cadrados de superficie, pavimentando tres espazos diferenciados; unha zona de circulacion viaria, outra zona de beirarruas e outra destinada ao lecer*
- *Os beneficiarios desta actuacion seran os mais de 5.700 habitantes do Concello de Carral*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o convenio de colaboracion entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Carral, na Coruña. O convenio tera por obxecto o proxecto de urbanización do Campo da Feira do antedito concello. Medio Ambiente investira case 400.000 euros nesta actuación distribuídos en dúas anualidades, unha de 200.000 euros neste ano e outra de 193.344 no vindeiro 2011.

As obras consistiran na adecuación de 1.526 metros cadrados de superficie nos que se sitúa actualmente o Campo da Feira, pavimentando tres espazos diferenciados; unha zona de circulación viaria que ocupará 581,56 metros cadrados, outra zona de beirarruas que ocupará 811,84 metros cadrados e outra destinada ao lecer, con 132,60 metros cadrados de extensión.

Primeiro, será preciso o movemento de terras e a habilitación de gabias para aloxar as instalacións ademais da execución das cimentacións necesarias. Posteriormente, procederase a instalación de adoquíns e lousas de granito para as zonas de beirarruas e circulación viaria respectivamente. Na zona de lecer crearase un espazo axardinado mediante a plantación de cespede e diferentes especies arboreas ornamentais. Por último, completase a actuación coa implantación das redes de servizos, iluminación pública e colocación de elementos de mobiliario urbano.

As obrigas da Consellería de Medio Ambiente será financiar a totalidade do proxecto de urbanismo do Campo da Feira, así como levar a cabo a contratación, dirección, xestión e recepción das obras. Pola súa parte, o Concello de Carral ponera a disposición da consellería os terreos libres de cargas e gravames e procederá a posterior reposición de servizos da zona.

A Comisión de Seguimento, que velará polo cumprimento do presente convenio, estará formada por dous membros de cada unha das partes asinantes. A súa vixencia será ata o vindeiro 31 de decembro do 2011. Compre dicir que os máis de 5.700 veciños de Carral se beneficiarán do proxecto de urbanismo do Campo da Feira.

## **A XUNTA INVISTE MAIS DE 754.000 EUROS NA MELLORA DO CONTORNO DO RIO BAROSA, NO CONCELLO DE BARRO, PARA DOTALO DE SENDAS E LUGARES DE LECER**

- *As obras consistiran na posta a punto e o acondicionamento da zona dotandoa de tres novos espazos; zona axardinada, zona de aparcadoiro e zona de servizos*

A Xunta de Galicia inviste mais de 754.000 euros na execucion da obra de mellora do contorno do rio Barosa no Concello de Barro. O Consello autorizou na súa reunion de hoxe a sinatura dun convenio de colaboracion entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a traves da empresa publica de Obras e Servizos Hidraulicos (EPOSH), e o municipio pontevedres. O importe total dividirase en dúas anualidades, a primeira de 300.000 euros aplicarase este mesmo ano e a segunda en 2011, que contara cunha achega de 454.000 euros.

O Goberno galego é consciente do imprescindible que é para o Concello de Barro proceder a realizar actuacións nas marxes do río Barosa a carón da estrada A Coruña-Tui, augas abaixo, e ferverza da Barosa, augas arriba.

Con esta obra preténdese que se beneficien os habitantes da zona e o seu medio natural, xa que o obxectivo desta actuación será recuperar as marxes e o contorno do río para o seu uso recreativo e educativo, non só para os máis de 3.500 habitantes de Barro, senón tamén para os visitantes que se acheguen ao contorno fluvial. Ademais, conseguirase unha mellora ambiental polo acondicionamento do contorno, que permitirá prever posibles inundacións

### **Obras de mellora do contorno fluvial**

As obras consistiran na posta a punto e o acondicionamento da zona dotandoa de tres novos espazos; como son a zona axardinada, área de aparcadoiro e zona de servizos municipais.

A primeira fase da actuación terá lugar nas marxes e na ferverza do río Barosa. Ademais realizarase unha mellora no camiño agrícola existente. As mesmo, instalarase unha nova ponte de 32,8 metros de lonxitude, que constará de dous carrís de 2,5 metros de largo cada un, con beirarrúas de 1,8 metros. Rematarase a plataforma, cunha capa de rodadura. Esta ponte funcionará como paso do río e estará conectada co municipal.

Ademais, farase outro paso de madeira enriba da ferverza do río, facendo posible que os dous itinerarios polos que poden caminar os visitantes estean conectados entre si, xa que agora a pasarela está obsoleta.

Nunha segunda fase, dotarase a zona dun espazo axardinado, outro de aparcamento e outro destinado aos servizos municipais. A zona axardinada será a área recreativa e de

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

lecer, na que se instalaran dous miradoiros e se dotara duns 3.000 metros cadrados de sendas naturais.

Por outra banda, o espazo destinado ao aparcamento situarase en dúas zonas diferenciadas; unha para autobuses no extremo oeste do río e próxima a N-550, e outra para o estacionamento de vehículos lixeiros, que se situara no extremo leste do río e máis próxima a zona ambiental. Por último, habilitarase un espazo de servizos municipais como a policía, a garda civil, a cruz vermella ou o centro de interpretación da natureza.

Unha vez rematada a segunda fase do acondicionamento do río Barosa, procederase a reducir os recheos feitos na parte alta do río a zona próxima a fervenza.

**Obrigas da EPOSH e do Concello de Barro**

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos deberá financiar a actuación cunha dotación de máis de 750.000 euros. Ademais, deberá contratar, controlar e dirixir a realización das obras. Pola súa parte, o Concello de Barro deberá pór a disposición da EPOSH os terreos nos que se farán as actuacións, así como a posterior conservación do contorno do río Barosa no cal se levará a cabo a actuación.

Así mesmo, constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante de cada unha das partes, co fin de controlar o cumprimento das cláusulas do convenio; que se dará por concluído o vindeiro 31 de decembro do 2011

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE APROBA A COOPERACION FINANCEIRA COA REAL ACADEMIA GALEGA PARA A REMODELACION DAS SUAS INSTALACIONES**

- *A Xunta realiza unha achega economica de mais de 156.000 euros*
- *Mellorarase a organizacion espacial e instalacion de iluminacion axeitada as necesidades requiridas no desenvolvemento das suas actividades*
- *Instalaranse portas de emerxencias e sistemas de deteccion de incendios*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de coloperación financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Real Academia Galega para levar a cabo a remodelación do soto do edificio da sede principal da institución.

A Xunta de Galicia destina un total de 156.000 euros para a citada actuación, que consiste na adecuación do espazo do arquivo, situado na planta soto da sede da Real Academia Galega,

As obras pretenden solucionar as deficiencias que a infraestrutura presenta na actualidade. Deste xeito, mellorarase a organización espacial e instalación de iluminación. Ademais, é necesario realizar un acondicionamento xeral do espazo destinado a arquivo, axeitado as necesidades bibliográficas.

As accións de traballo centraranse na realización das demolicións precisas e limpeza do espazo sobre o que se pretende actuar. Posteriormente, executarase a instalación eléctrica así como a colocación de materiais para tabiques e pavimentos. Tamén se proxectarán elementos de carpintería, incluso portas de emerxencias e sistemas de detección de incendios. Finalmente, situaranse arquivos móbiles formados por estantes sobre ras.

**Obrigas**

A Xunta de Galicia comprométese a financiar a execución da actuación e reserva para si o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

Por outra parte, a Real Academia Galega redactará os proxectos e os documentos técnicos precisos para a execución das actuacións. Tamén debe efectuar as xestións pertinentes para a obtención de permisos, licenzas e autorización regulamentarias, asumindo os custos que se xeren. A contratación, dirección e control das obras tamén son obxecto da Real Academia. Ademais, asumirá as obrigas económicas que excedan o importe consignado.

INFORMACION AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA INVISTE 650.000 EUROS NA EXECUCION DAS OBRAS DE HUMANIZACION DAS RUAS A MINA E OS CARBALLOS, NO NUCLEO URBANO DE CERDEDO**

- *As accions basicas centraranse na escavacion de gabias e pozos para a instalacion das redes de servizos urbansticos compostos pola canalizacion de saneamento separativo para augas residuais e pluviais*
- *Colocaranse mobiliario urbano, bancos e elementos de recollida de lixo*
- *O proxecto da continuidade a unha serie de obras coas que se logrou urbanizar a meirande parte das ruas deste municipio pontevedres, tanto do nucleo antigo coma as do resto do nucleo urbano*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunion de hoxe o convenio entre a Conseller a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Cerdedo para a execucion de obras en materia de urbanismo.

O Goberno galego investira preto de 650.000 euros distribuídos en dúas anualidades co fin de acometer as actuacións de humanización das ruas da Mina e dos Carballos, no núcleo urbano de Cerdedo.

O proxecto tamén pretende dar continuidade a unha serie de obras coas que se logrou urbanizar a meirande parte das ruas deste municipio pontevedres, tanto do núcleo antigo coma as do resto do núcleo urbano, mellorando a calidade de vida dos veciños e dinamizando a zona comercial.

As accións básicas que se van executar centraranse na escavación de gabias e pozos para a instalación das redes de servizos urbansticos compostos pola canalización de saneamento separativo para augas residuais e pluviais. Instalarase unha nova rede de iluminación pública, incluíndo as canalizacións, arquetas e luminarias. Tamén se prevé colocar luminarias suxeitas na parede, en chapa de aluminio con acabado en cor negra en consonancia co ambiente urbano existente.

O citado convenio prevé a execución de novo pavimento formado con lousas de granito silvestre con acabado abuxardado nas caras vistas. Tamén se colocaran mobiliario urbano, formado por bancos, e elementos de recollida de lixo como por exemplo, papeleiras.

O departamento que dirixe Agustín Hernández, mediante a colaboración técnica e financeira neste tipo de proxectos, pretende mellorar as condicións de vida dos cidadáns e proporcionar os requirimentos precisos para o desenvolvemento económico e social dos concellos galegos.



**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Obrigas**

Por unha parte, o Concello de Cerdedo comprométese a realizar todos os documentos técnicos precisos e poner a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co rexime urbanístico adecuado. Unha vez executadas as obras, o municipio encargárase da súa explotación e conservación.

Por outra parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas debe financiar a actuación e levar a cabo os procesos de contratación, dirección, xestión e recepción das obras.

Finalmente, créase unha comisión de seguimento integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo.

INFORMACION AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**ECONOMIA E INDUSTRIA AMPLIA A 60 O NUMERO DAS PEMES BENEFICIARIAS DA REDE XIGA DE XESTORES DE INNOVACION, PIONEIRA EN ESPANA E DOTADA CON 5 MILLONS DE EUROS**

- *A Conseller a que dirixe Javier Guerra pon en marcha o mecanismo de seleccion e formacion especializada dos tecnicos, e a sua posterior incorporacion ao cadro de persoal de 60 pemes galegas*
- *Deste xeito, a Xunta quere contribuir ao financiamento de novos postos de traballo no eido da innovacion nas pemes durante a sua etapa de consolidacion, co obxectivo de aliviar os custos da empresa*
- *As expectativas da Conseller a de Economia e Industria preven que as empresas contratantes de profesionais da Rede XIGA acaden ao remate de 2012 un incremento do investimento en innovacion dun 30%; un 50% mais de proxectos presentados a convocatorias competitivas de plans autonomicos, estatais e internacionais; e un aumento da facturacion ligado a explotacion dos resultados dos proxectos*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou a Conseller a de Economia e Industria o financiamento da contratacion de xestores de innovacion da Rede Xiga, proxecto pioneiro en Espana. Ademais, a conseller a que dirixe Javier Guerra ampliou as suas previsions iniciais e aumentou de 50 ata 60 o numero de pequenas e medianas empresas galegas que poderan contratar un especialista da rede, e beneficiarse desta novedosa iniciativa.

Esta autorizacion permitira activar a fase principal do Programa de xestores de innovacion de Galicia (XIGA), dotado cun orzamento total de 5 millóns de euros e que tera continuidade no tempo. Esta iniciativa abrangue a seleccion e formacion especializada dos tecnicos especialistas, e mais a sua posterior incorporacion ao cadro de persoal de 60 pemes galegas.

Para poder participar as empresas deberan estar constitu das como peme, con menos de 250 empregados; atoparse ao d a en todas as suas obrigas fiscais; e ter experiencia previa en iniciativas de I+D+i e/ou plans en firme de abordalas nun futuro inmediato. Pola sua banda, os futuros 60 novos xestores de innovacion deben contar cunha titulacion superior, experiencia previa ou formacion no eido da I+D+I, dominio do ingles e habilidades coas tecnolox as da informacion e das comunicacions (TIC).

As pequenas e medianas empresas participantes nesta primeira accion do Programa para o impulso da innovacion das pemes galegas recibiran axudas economicas para facer fronte aos gastos derivados da contratacion destes expertos, que se materializaran no 70% do custo laboral o primeiro ano, o 50% o segundo, e o 30% o terceiro.

Deste xeito, a Xunta quere contribuir ao financiamento de novos postos de traballo no eido da innovacion nas pemes durante a sua etapa de consolidacion, co obxectivo de

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

aliviar os custos da empresa ata o punto no que se comecen a producir retornos do investimento nos proxectos de innovacion xestionados por estes expertos.

**Impulso da innovacion nas pemes**

A Consellería de Economía e Industria, logo de seleccionar e adestrar estes profesionais, financiara a súa incorporación nas pemes, fara un labor exhaustivo de seguimento do resultado do seu traballo nas empresas e mantera, mediante unha estrutura en rede (a Rede XIGA), un elevado nivel de formación continua, asesoramento e incentivación do traballo colaborativo no marco da comunidade -apoiada nunha plataforma en liña 2.0- que estes expertos pasan a constituir no Sistema Galego de Innovación.

Os xestores seleccionados participaran nun programa de formación intensiva con 320 horas de sesións presenciais sobre temas relacionados coa xestión da innovación (sistemas de xestión da I+D+i, xestión administrativa e económica de proxectos de I+D+i, novas tecnoloxías, vixilancia tecnolóxica, fiscalidade da innovación, xestión da calidade, etc.).

As expectativas da Consellería de Economía e Industria preven que as empresas contratantes de profesionais da Rede XIGA acaden ao remate de 2012 un incremento do investimento en innovación dun 30%; un 50% máis de proxectos presentados a convocatorias competitivas de plans autonómicos, estatais e internacionais; e un aumento da facturación ligado a explotación dos resultados dos proxectos.

A continuidade da axuda estará supeditada a presentación de resultados tanxibles ao remate do primeiro ano. Estes resultados mediranse tomando como referencia o número de proxectos de I+D+i identificados, o número de proxectos realizados e en execución e os resultados acadados grazas a estes.

Mediante esta iniciativa, a Xunta trascende as accións de cofinanciamento de proxectos concretos de I+D+i empresarial –que seguiran estando viventes- para abordar o soporte a incorporación nas pemes de capital humano especializado na xestión destes proxectos. O obxectivo é capacitar as empresas para convertelas nas principais promotoras do aumento da súa competitividade a través de recursos propios.

O *Diario Oficial de Galicia* (DOG) publicara nos próximos días a convocatoria que abra o prazo de presentación de solicitudes por parte das persoas que pretendan acceder ao programa formativo e por parte das empresas interesadas en contratar os xestores da Rede XIGA.

As empresas interesadas en contratar xestores expertos de innovación terán acceso aos formularios de solicitude destas axudas a través dos enderezos: <http://www.redexiga.es> e <http://economiaeindustria.xunta.es>. Ademais, en caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información poderán dirixirse a Dirección Xeral de I+D+i a través do teléfono 881999636 ou no enderezo electrónico [info@redexiga.es](mailto:info@redexiga.es).

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A SINATURA DO CONVENIO PARA FINANCIAR AS OBRAS DE REMODELACION DA PRAZA DE ABASTOS DE SANTIAGO**

O Consello da Xunta de Galicia autoriza a sinatura do convenio de colaboracion entre o Ministerio de Vivenda, a Conseller a de Econom a e Industria e o Concello de Santiago para a realizacion e financiamento das obras de remodelacion da Praza de Abastos. A achega do departamento autonómico sera de 1,13 millóns de euros, repartido en tres anualidades.

A adecuacion e mellora dos equipamentos comerciais municipais constituen un elemento clave para o desenvolvemento do comercio, e as consta nos obxectivos da Conseller a de Econom a e Industria e da Direccion Xeral de Comercio, entre cuxas medidas figura un programa espec ifico de mellora competitiva do comercio polo miúdo que busca conxugar os intereses entre o comercio e o contorno en que se desenvolve a súa actividade, impulsando os espazos de uso comercial, e fomentando as actuacións desenvolvidas polos concellos para o mantemento e renovacion do comercio e a revitalizacion dos centros urbanos e dos nucleos historicos.

INFORMACION AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A CONSELLERIA DE SANIDADE INVESTIRA MAIS DE 26 MILLONS DE EUROS NA CONTRATACION DE VACINAS PARA O PROGRAMA GALEGO DE VACINACIONES**

- *As vacinas atenderan a demanda dos cidadans –tanto do calendario infantil como para adultos- durante os proximos tres anos*
- *Este programa constitue unha das actuacións preventivas mais importantes da Consellería de Sanidade*

A Consellería de Sanidade vai adquirir as vacinas necesarias para atender as demandas dos cidadans durante os proximos tres anos en cumprimento do establecido no Plan Galego de Vacinacións. O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou o proxecto de acordo polo que se autoriza a contratación de vacinas por un importe total de 26.055.262 euros. Esta contía total distribuirase entre o ano 2010 con 7,8 millóns de euros; outros 12,9 millóns de euros no ano 2011 e 5,2 millóns de euros no ano 2012.

A Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade é a responsable do Programa Galego de Vacinacións, que constitue unha das liñas de traballo de máis longa historia contando cun amplo consenso respecto a súa efectividade e eficiencia.

As vacinas que se adquiren divídense en 22 lotes, segundo o seu tipo (atención ao calendario sistemático infantil e produtos inmunobiolóxicos dirixidos a adultos). A subministración realízase mediante acordo marco no que se establecen os prezos de cada vacina e posteriormente realízase un pedido que se completará segundo as necesidades de cada centro coa finalidade de que non exista un gran volume almacenado.

As adquisicións de vacinas para este programa realízase cunha fórmula plurianual e de subministración sucesiva co obxectivo de garantir a libre competencia e tamén o abastecemento continuo nas condicións máis vantaxosas para Galicia.

Nos criterios de adjudicación deste concurso valorase cada produto ofertado xa que todas as vacinas que se poden presentar a esta licitación están autorizadas no rexistro sanitario e presúponse para todas elas unhas características de eficacia, efectividade e inmunoxenicidade.

Ao tempo, tamén se valorarán outras características técnicas que permitan elixir aqueles produtos que desde o punto de vista técnico se consideren os mellores para garantir unha axeitada inmunización.

Entre elas valoráranse características de termoestabilidade (que aseguren as mellores condicións de mantemento de cada unha das vacinas obxecto da licitación como o

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

prazo de caducidade das doses ou a reposicion gratuita das doses inutilizadas por ruptura da rede de fro); as melloras na presentacion que faciliten a súa aplicacion por parte dos profesionais; facilitar o seu almacenamento de maneira que ocupen o menor espazo posible nas neveiras; facilitar a loxstica e o sistema de informacion do programa, mediante a presentacion de etiquetas con codigos de barras mediante os que se facilita e axiliza o rexistro dos vacinados e a súa mecanizacion sen erros coa maxima claridade tanto no nome como no lote do produto administrado.

Todos os detalles e prescripcion tecnicas seran detallados no anuncio de licitacion que saira publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBOU OS PREGOS PARA A CONSTRUCION DO NOVO HOSPITAL PUBLICO DE VIGO E A DOTACION DE SERVIZOS

- *O Goberno galego continua coas previsiones de iniciar o novo hospital publico de Vigo en decembro de 2010, dotando a Galicia de infraestruturas sanitarias nun momento de crise economica e de evidente reducion de recursos publicos*
- *Este novo centro sanitario da rede do Sergas supora, no proceso da sua construcion, a creacion de 2.400 postos de traballo*
- *Outras diferenzas significativas son que o modelo de concesion permite ter a infraestrutura disponible en tres anos e non computa para a debeda publica, fronte aos 15 anos presentados co modelo do SPI e que si computa en debeda publica*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un informe da Consellería de Sanidade referido aos pregos do concurso para o contrato de concesion de obras publicas para a redaccion do proxecto de execucion, financiamento, construcion e explotacion de determinados servizos non clínicos no Novo Hospital público de Vigo.

A publicacion dos pregos no *Diario Oficial de Galicia* tera lugar a vindeira semana. Segundo o recollido no informe hoxe aprobado, esta prevista a posta en servizo do hospital a finais de 2013, e a reversion da concesion en 20 anos desde a sinatura do contrato.

O Goberno galego continua traballando co firme compromiso anunciado de iniciar as obras do Novo Hospital público de Vigo en decembro de 2010. Precisamente, o reto da Sanidade e conseguir dotar a Galicia de infraestruturas sanitarias publicas a curto prazo, tendo en conta o contorno de crise economica que estamos a padecer, así como a reducion dos recursos publicos.

Neste contexto, o Novo Hospital de Vigo é un proxecto que dinamizara o contorno economico e social da cidade. Na sua construcion crearanse ao redor de 2.400 postos de traballo directos e indirectos, sendo a prestacion sanitaria cen por cento publica e realizada por profesionais do Sergas, co conseguinte reforzo do sistema sanitario.

### **Modelo de concesion: mais vantaxoso**

Os mecanismos tradicionais de financiamento son insuficientes para abordar as importantes e crecentes necesidades de gasto social e investimento de Vigo, polo que o modelo concesional se sitúa como a mellor alternativa de financiamento. Este modelo garante o acceso gratuíto e universal da cidadanía a prestacion sanitaria; mellora a prestacion do servizo público sanitario e dos servizos complementarios non sanitarios; permite dispoñer dunha infraestrutura hospitalaria clave para o sistema sanitario galego en tempo e forma; maximiza a eficiencia orzamentaria e a creacion de valor para a Administración; e, ademais, non afecta o déficit e endebedamentos públicos.

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Outras diferenzas significativas entre os dous modelos son o tempo de concesion: o modelo de concesion permite ter a infraestrutura disponible en tres anos e non computa para a debeda publica, fronte aos 15 anos presentados co modelo do SPI e que si computa en debeda publica.



**UNHA LINA DE AXUDAS DE TRABALLO DE 4 MILLONS FINANCIARA ACCIONS FORMATIVAS DIRIXIDAS A MAIS DE 4.000 EMPREGADOS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a orde que xestionaran ao redor dun centenar de entidades de toda Galicia*
- *Da iniciativa do Goberno galego tamen poderan beneficiarse as persoas desempregadas que tiveran unha relacion laboral coa empresa beneficiaria da axuda desde xaneiro de 2009 e os membros ou asociados das corporacions de dereito publico*
- *O obxectivo dos programas e a reciclaxe dos traballadores dos sectores estratexicos da comunidade autonoma e principalmente dos ambitos afectados pola crise economica*

O Goberno galego investira mais de 4 millóns de euros no desenvolvemento de accions formativas dirixidas prioritariamente a traballadores ocupados para a súa reciclaxe e recualificacion laboral. A Conseller a de Traballo e Benestar preve que mais de 4.000 persoas se beneficien desta orde que xestionaran ao redor dun centenar de entidades de toda Galicia (empresas ou agrupacions de empresas e corporacions de dereito publico). O Consello da Xunta autorizou hoxe os pagamentos anticipados desta orde en cont a superior ao 10% do importe da subvencion no momento da súa concesion.

Os destinatarios desta accion da Xunta seran prioritariamente as persoas traballadoras das empresas beneficiarias da axuda e tamen as persoas desempregadas que tiveran unha relacion laboral coa empresa beneficiaria da subvencion desde xaneiro de 2009, cun l mite maximo do 25% do total de participantes en cada accion formativa. Ademais, poderan beneficiarse os traballadores e os membros ou asociados das corporacions de dereito publico, como son, por exemplo, as camaras de comercio ou colexios oficiais.

A formacion profesional para o emprego ten por finalidade proporcionar aos traballadores a formacion que poidan necesitar ao longo da súa vida laboral, co fin de que obtenan os conecementos e practicas axeitadas as necesidades que en cada momento precisen as empresas. As, o obxectivo da iniciativa e permitir aos traballadores a mellora da súa capacitacion profesional e promocion individual.

En concreto, a orde, que a Xunta cofinanciara co Fondo Social Europeo, ten por obxecto regular os programas de formacion dirixidos a reciclaxe dos traballadores dos sectores estratexicos de Galicia, como son o textil, alimentacion, madeira, construcion, metal, agrario, pesqueiro e aqueles outros que poidan xurdir como consecuencia da crise economica e que sirvan para paliar os seu efectos.

## **A XUNTA INCREMENTA AS AXUDAS AO FOMENTO DO COOPERATIVISMO E AMPLIA A SUA CONVOCATORIA AS SOCIEDADES LABORAIS**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a orde que este ano conta cun orzamento de mais de 614.000 euros, 15.000 mais que o ano pasado*
- *Entre as novidades da liña de subvencions destaca a posibilidade de que os beneficiarios podan solicitar un anticipo de ata o 80 por cento do total da conta da axuda*
- *A Consellería de Traballo e Benestar preve que ata oito asociacións se poidan beneficiar da iniciativa autonómica*

O Goberno galego incrementou e ampliou a orde que fomenta e consolida as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais. O Consello da Xunta ven de aprobar hoxe as novidades desta normativa que para 2010 conta cun orzamento de 614.231 euros, 15.000 euros mais que no ano pasado.

Como novas destaca, ademais, a posibilidade de teran os destinatarios destas axudas de solicitar en concepto de anticipo ata un 80 por cento do total da conta da subvención. Ata a data podan pedir por anticipado o 50 por cento. A liña de axudas, as mesmo, amplíase as asociacións de sociedades laborais, que ata o momento non podan participar destas subvencions.

Desta forma, poderán ser beneficiarios desta orde que convoca a Consellería de Traballo e Benestar as asociacións de cooperativas e asociacións de sociedades laborais con actividade acreditada e debidamente inscritas nos rexistros competentes da Administración autonómica, as como as entidades que estean ao día do cumprimento das obrigas referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos nos rexistros competentes.

A orde, en concreto, subvenciona parcialmente os gastos de funcionamento e a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a economía social destes colectivos. O número de agrupacións beneficiarias está máis que sexan un total de oito.

Esta liña de axudas intégrase dentro das accións que a Consellería de Traballo e Benestar está a levar a cabo para conseguir un axeitado desenvolvemento das estruturas representativas do cooperativismo e a economía social.

## A XUNTA PROGRAMA MAIS DE 40 ACTIVIDADES PARA PRESENTAR A OFERTA CULTURAL E TURISTICA DE GALICIA NA EXPO UNIVERSAL DE SHANGHAI 2010

- *A Conseller a de Cultura e Turismo presentou hoxe o informe de actividades que se desenvolveran, en colaboracion coa Sociedade Estatal para Exposicions Internacionais, no Pavillon de Espana entre o 17 e 23 de maio. O día 20 conmemorarase o Día de Honra de Galicia.*
- *A participacion de Galicia na Expo Shanghai 2010 ten como obxectivo acadar unha maior visibilidade da nosa Comunidade en China, fomentando a súa imaxe como destino turístico cunha singularidade cultural única.*
- *O programa cultural inclúe actuacións do gaitero Xosé Manuel Budino, a compañía Nova Galega de Danza e a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense. O pintor Fernando Pereira inaugurará a exposición "Discurso abstracto" na sala CanART. O cocineiro galego Pepe Solla e o chino Alving Leung protagonizarán un orixinal "binomio de chefs" durante a Semana Gastronómica, na cal desenarán menús sobre a base de produtos propios de Galicia.*
- *O Pavillon de Espana acollerá asemade a celebración e dun seminario de promoción de inversión e logística organizado pola Conseller a de Economía e Industria.*

O Consello da Xunta de Galicia foi informado hoxe do programa de 42 actos que o Goberno autonómico, a través da Conseller a de Cultura e Turismo, levará a Exposición Universal de Shanghai 2010 durante a Semana de Galicia, que se celebrará no marco do Pavillon de España entre o 17 e 23 de maio en colaboración coa Sociedade Estatal para Exposicións Internacionais (SEEI). Con este programa de actividades, a Xunta de Galicia promoverá a oferta cultural, turística e gastronómica da Comunidade Autónoma na exposición universal máis grande celebrada nunca en números absolutos de visitantes e expositores.

O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, encabezará a delegación da Xunta de Galicia, que estará presente na Expo Universal de Shanghai durante a terceira semana de maio. O día 20 conmemorarase o Día de Honra de Galicia. O Goberno galego desenou un completo programa de actividades para que a Expo Shanghai 2010 se confirme como unha oportunidade histórica para amosar ao mundo unha escolma da vitalidade do panorama cultural que se está a desenvolver actualmente en Galicia. Do mesmo xeito, a Xunta pretende que a Semana de Galicia sirva de plataforma de lanzamento da oferta turística da Comunidade, con especial atención á gastronomía e á celebración do Xacobeo 2010.

O programa completase cun seminario de promoción de investimento e logística organizado pola Conseller a de Economía e Industria. O obxectivo é o de incentivar as relacións comerciais e servir de apoio ás empresas galegas presentes no mercado chinés, no que representa unha iniciativa turístico-empresarial de grande interese.

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Promocion turstica**

O programa de actos da Xunta de Galicia comezara o luns día 17 coa presentación da oferta turística de Galicia a cargo da secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo. Será un acto dirixido a *Tour Operadores* no cal están confirmados, a día de hoxe, a asistencia de 35 profesionais e 4 medios de comunicación especializados chineses. Na epígrafe de promoción turística, realizouse a tradución ao chinés da páxina web de Turgalicia, adaptada aos gustos do mercado chinés. A través do enderezo <http://www.lvyou168.cn/travel/galicia> podese acceder a unha importante ferramenta tecnolóxica que permitirá achegar Galicia a milleiros de chineses e aos profesionais do sector desta emerxente economía.

Na pantalla de leds do Pavillón de España proxectaranse, as mesmo, catro clips en bucle de temática galega. Os clips terán como eixos a presentación de Galicia como destino turístico, o Xacobeo 2010, a Cidade da Cultura e o Ano de Libro e da Lectura. Proxectaranse nunha pantalla de máis de 14 metros cadrados nunha das zonas de maior afluencia da Expo, polo que poderán ser vistos polos visitantes que se atopan nas proximidades da esquina suroeste do Pavillón. Nesta esquina da zona do recinto conflúen dúas importantes avenidas polas que os visitantes acceden aos distintos pavillóns europeos.

**Programa musical**

Para o Goberno galego, a participación na Expo Shanghai 2010 ten como obxectivo acadar unha maior visibilidade de Galicia en China, fomentando a súa imaxe como destino turístico cunha singularidade cultural única. Deste xeito, a música xogará un papel destacado dentro do programa de actuacións culturais en que o son da gaita, instrumento asociado internacionalmente a Galicia, contará cunha relevancia especial.

O músico galego Xosé Manuel Budino presentará o seu quinto disco no Pavillón de España da Expo Shanghai, acompañado dun documental que recolle o seguimento realizado durante dous anos ao gaiteiro de Moaña (Pontevedra) por todo o mundo. O músico galego actuará o mércores 19 na Praza de Europa e o venres 21 no Music Hall do Conservatorio de Música de Shanghai, nun concerto patrocinado pola Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

O 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense participará xunto con bandas doutros países nun desfile masivo que se celebrará no recinto da Expo e onde os cincuenta membros desprazados vestirán con traxes de época do século XVIII. Na mesma noite do día 17, a Banda interpretará un concerto na Praza de España con pezas tan significativas como a *Muineira de Chantada* ou as *Cantigas de Ourense*, así como a sorpresa dunha adaptación dalguns temas chineses á música galega. A Real Banda de Gaitas tamén actuará o martes 18 na Praza de Europa e no Pavillón de España.

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A sorpresa final da Real Banda de Gaitas da Deputacion de Ourense sera a interpretacion de dous temas chineses adaptados aos instrumentos e a musica galega: *Alegra chinesa* e *A flor do xasm n*. As cantareiras preparan estes d as tamen o tema tradicional chines *Mo Li Hua*, que cantaran en chines e galego. Tras estas actuacións, a formacion realizara unha xira polo pas con actuacións en Shian, Pek n e un concerto especial na Gran Muralla. Os concertos gravaranse nun CD-DVD.

**Danza e pintura**

As artes escenicadas galegas estaran representadas en Shanghai pola compan a Nova Galega de Danza, que amosara a sua fusion de tradicion de baile e musica autoctona coa mais pura vangarda. Os musicos, bailar ns e tecnicos da compan a ofreceran dentro e fora do recinto da Expo tres funcions en distinto formato do seu ultimo espectáculo, *Tradicion*.

A programacion cultural da Semana de Galicia en Shanghai tamen inclue a inauguracion da exposicion *Discurso Abstracto* do pintor corunes Fernando Pereira, na sala CanART. Considerado un investigador dentro da abstraccion pictorica e na busca da pintura pura, a sua nova proposta basease na composicion, na cor e na linea.

**Programa gastronomico**

A Semana Gastronomicada permitira a formacion dun orixinal e innovador "*binomio de chefs*" formado polo cocineiro galego Pepe Solla e o chines Alving Leung, que desenaran menus sobre a base de produtos propios de Galicia no marco do Gran Hotel Melia Shanghai, situado no centro economico da cidade, Pudong. Sera unha oportunidade unica para comprobar o resultado do traballo man a man de dous restauradores con reconecido prestixio internacional.

O cocineiro galego Pepe Solla contara co apoio de Xose Cannas, ambos posuidores dunha estrela outorgada pola prestixiosa gu a Michelin, que achegaran a sua persoal interpretacion da gastronom a galega en colaboracion con Alvin Leung. O cocineiro chines conta co reconecimento de duas estrelas Michelin e o seu restaurante "*Bo innovation*" esta considerado pola "*Restaurant Magazine*" como un dos 100 mellores do mundo. Trátase de ofrecer alta cocina de inspiracion galega a mais de 500 comensais e de avanzar na linea de fusion e difusion da nosa enogastronom a.

**A XUNTA DESTINARA A INCENTIVOS A CONTRATACION MAIS DE 113 MILLONS DE EUROS ATA O ANO 2013**

- *A iniciativa do Goberno galego tera unha vixencia de 4 anos e preve a contratacion indefinida de 6.000 desempregados cada ano*
- *A lina de axudas oscila entre 1.800 e 6.000 euros*
- *A orde que regulara estas axudas publicaranse mana no DOG, cun orzamento para este ano de 27,4 millóns de euros*

A Xunta destinara a incentivos a contratacion mais de 113 millóns de euros ata o ano 2013. A orde para as axudas correspondentes ao exercicio 2010 para este fin seran publicadas mana no DOG, tal e como se recolle nun informe levado hoxe ao Consello da Xunta pola Conseller a de Traballo e Benestar.

Neste informe tamen se da conta das novidades que presenta esta convocatoria e que derivan dun acordo tomado no marco do dialogo social, en que Administracion e axentes sociais pactaron os colectivos prioritarios aos que se deb an dirixir estes incentivos, as como os tipos de contratacion que deb an impulsarse.

Ao abeiro desta orde, o Goberno galego investira este ano mais de 27,4 millóns de euros para fomentar a contratacion indefinida e temporal nas empresas e un total de 113 millóns de euros en catro anos, de vixencia desta lina de axudas.

Os apoios variaran de 1.800 e 6.000 euros e poderan beneficiar a mais 6.000 desempregados ao ano, un total de 24.000 ata o 2013, con contratacions maioritariamente indefinidas, e tamen temporais.

A normativa aprobada hoxe pola Xunta de Galicia inclue diversas novidades que tenen por obxectivo principal modificar ou eliminar os principais atrancos que limitan a insercion sociolaboral dalguns colectivos como mozos e mozas ou parados de longa duracion.

As , unha das novidades da orde da Conseller a de Traballo e Benestar e que os incentivos a contratacion por conta allea refundense nunha soa convocatoria que preve tres eixes ou programas basicos: subvenciona a contratacion indefinida de determinados colectivos de persoas desempregadas con dificultades de insercion laboral; inclue axudas para a transformacion de determinados contratos temporais en indefinidos; e, en terceiro lugar, incentiva a contratacion temporal dirixida a lograr a mellora da empregabilidade das persoas traballadoras en risco de exclusion social para conciliar a vida persoal e laboral.

Desta forma, redef nense os colectivos beneficiarios ultimos da axuda, axustandose a orde a aqueles grupos da sociedade que padecen de forma mais acusada dificultades de insercion laboral como son: os parados de longa duracion, as persoas desempregadas

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

que esgotaron as prestacións por desemprego, os maiores de 45 anos, o colectivo de mozos e mozas que non posúen cualificación profesional e, por último, as vítimas de violencia de xénero. Intensifícanse tamén os esforzos dedicados ao colectivo de mulleres que buscan emprego, establecendo medidas de discriminación positiva cando as contratacións se realicen con este colectivo.

Ademais, a iniciativa do Goberno galego establece unha maior contía do incentivo para as empresas que coas contratacións acaden maiores taxas de estabilidade, a nda que se elimina como requisito de acceso as axudas acadar unha determinada taxa de estabilidade, a pesar de que a súa consecución é un criterio de maior intensidade da liña de subvencións.

En canto as transformacións de contratos temporais en indefinidos, as microempresas poderán ser obxecto de financiamento en calquera modalidade de contrato temporal. As empresas restantes deberán sempre levar a cabo unha contratación indefinida inicial realizada cun traballador pertencente a un dos colectivos desfavorecidos.

**Os tres programas**

Os tres eixes básicos da liña de axudas teñen diferentes características. O primeiro deles, o programa de fomento da contratación indefinida inicial a desempregados pertencentes a colectivos desfavorecidos, inclúe axudas de entre 4.000 e 6.000 euros.

Cando a empresa teña no mes de contratación unha taxa de estabilidade igual ou superior a establecida no seu convenio específico ou, no seu defecto, acade o 75 por cento, poderá recibir 6.000 euros. A orde oferta subvencións de 4.000 euros ao resto de empresas.

As contías establecidas neste programa graduaránse en atención a concorrencia de contratacións realizadas con mulleres, contratacións realizadas por microempresas en xeral e polas que presten servizos en centros de traballo radicados nun concello rural.

O segundo dos programas, o destinado a transformacións de contratos temporais en indefinidos, conta con incentivos de 3.000 euros cando as empresas teñan no mes de contratación unha taxa de estabilidade igual ou superior a establecida no seu convenio específico ou, no seu defecto, acade o 75 por cento e de 2.000 euros nos restantes casos.

Con respecto ao terceiro dos eixes da orde, os programas de incentivos a contratación temporal, incentivaránse cunha axuda de 1.800 euros os contratos de interinidade para substituír persoas traballadoras en excedencia por coidados familiares e entre 2.520 e 5.040 euros as empresas que realicen contratos temporais cunha duración mínima de 6 meses, sempre que se desenvolvan con persoas desempregadas que formen parte dalgún dos colectivos en risco de exclusión social.

**INFORMACION AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

A Xunta tera en conta, unha vez publicada a orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), as solicitudes presentadas ata o 30 de xuno de 2010 e que comprendan as accións subvencionables levadas a cabo pola empresa desde o 16 de setembro de 2009 ata o 30 de xuno de 2010.